

Vidas dignas.

A precariedade laboral feminizada, as pensións mínimas e a sobrecarga de coidados amosan que a crise do sistema é tamén unha crise da vida cotiá. Sen servizos públicos suficientes as mulleres compensan con máis traballo invisible; sen emprego digno multiplícanse as cadeas globais de coidados; sen vivenda accesible aumenta a dependencia económica.

Os coidados non poden seguir recaendo sobre as mulleres como responsabilidade privada. Son un dereito colectivo e unha base da economía, porque sen coidados non hai produción nin comunidade. Garantir vida digna significa reorganizar tempo, riqueza e poder para poñer a vida no centro.

Reivindicamos un feminismo que loite polo acceso aos bens comúns, traballo digno e un sistema público de coidados, fronte a un modelo que mercantiliza dereitos básicos e se sostén sobre o traballo non remunerado ou mal pagado das mulleres. En Galiza vida digna implica un sistema público e comunitario de coidados, servizos públicos universais, vivenda accesible, emprego digno no rural e nas cidades e redistribución real da riqueza.

www.feminismo.gal
[@MMMGaliza](https://twitter.com/MMMGaliza)
nacional@feminismo.info



FEMINISMO É REVOLUCIÓN

8M Día Internacional das Mulleres Traballadoras

**terra viva
pobos libres
vidas dignas**

Feminismo é revolución

O feminismo cuestiona as raíces do sistema que destrúe a vida e coloca no centro aquilo que o capitalismo invisibiliza: os corpos, os cuidados, o territorio e a soberanía dos pobos.

- **Fronte ao militarismo que sementa guerra e pobreza feminismo que aposta pola solidariedade entre pobos e pola paz con xustiza social.**

- **Fronte ao extractivismo que converte os territorios en espazos de negocio para uns poucos, feminismo que defende a terra e os bens comúns como base da vida.**

- **Fronte ao fascismo que pretende controlar corpos e identidades, feminismo que reivindica corpos libres e diversidade.**

- **Fronte ao capitalismo que precariza e mercantiliza a vida, feminismo que coloca os cuidados e a redistribución da riqueza no centro da organización social.**

Construímos un feminismo internacionalista, popular e galego que entende que sen soberanía non hai igualdade, que sen cuidados non hai economía e que sen comunidade non hai futuro.

Un feminismo que constrúe esperanza desde abaixo, que tece alianzas entre mulleres e entre pobos, e que traballa para mudar o mundo.

Terra viva.

Galiza sofre un modelo extractivista que converte o territorio nun espazo de negocio para multinacionais e grandes capitais. Isto exprésase en macroeólicos e minaría agresiva, proxectos industriais contaminantes, forestación intensiva e incendios estruturais, e na presión sobre o litoral e a pesca.

Este modelo destrúe ecosistemas, economías locais e redes comunitarias. Desde o feminismo defendemos o territorio e denunciámos proxectos que devastan comunidades e biodiversidade, porque a loita feminista está ligada á defensa dos bens comúns e da vida.

Pobos libres.

O avance do fascismo en Europa e no mundo é unha resposta reaccionaria á crise do sistema que busca reforzar o control social e garantir un modelo baseado na desigualdade. A ofensiva autoritaria concrétase en políticas que restrinxen a liberdade sobre os nosos corpos, criminalizan a protesta, endurecen as leis migratorias e normalizan discursos de odio.

Desde a MMM defendemos un feminismo plural, antirracista e internacionalista, que entende que a emancipación das mulleres está ligada á liberdade dos pobos. En Galiza, pobos libres significa decidir sobre o territorio e o modelo económico, defender a lingua e a cultura propias, garantir dereitos para todas as traballadoras e vivir sen medo nin discriminación.